O PRINCIPIO DE IGUALDADE E A SÚA REALIZACIÓN PRÁCTICA

A esixencia dunha certa igualdade forma parte da noción intuitiva común de xustiza. Noción que se configura nos estadios da evolución psicolóxica infantil, ligada ao desenvolvemento do xogo regrado entre iguais, e que será fundamental para ás relacións de reciprocidade cos pares, como xa tivemos ocasión de sinalar en seccións anteriores. Xa Platón e Aristóteles consideraban que o concepto de xustiza implicaba certa igualdade: "igualdade cos iguais e desigualdade cos desiguais".

Pero ademais, a igualdade aparece como un dos "valor superiores" da Constitución Española de 1978, e polo tanto, como un principio estruturador do noso sistema xurídico. Cómpre, pois, primeiro clarificar o seu significado e alcance para analizar despois os medios para a súa realización efectiva.

1. A EXTENSIÓN DO PRINCIPIO DE IGUALDADE

No contexto socio-político, no que nos movemos, iguais son aqueles individuos que teñen un mesmo rango ou dignidade básica que os fai suxeitos dos mesmos dereitos fundamentais; aínda que poidan ser moi diferentes noutros aspectos. Pois igualdade non é identidade nin uniformidade en todos os aspectos, senón só coincidencia na condición que os fai membros da comunidade política.

1.1. A igualdade restrinxida aos cidadáns

Até ben entrada a Idade Moderna a desigualdade de estatus socio-político é considerada natural, pois viña determinado polo que temos chamado "a lotería natural" do nacemento. A ordenación xerárquica da sociedade quedaba xustificada pola natureza, e era expresión da vontade divina.

Como xa vimos anteriormente, na Grecia Antiga só os cidadáns era iguais ante a lei (*isonomía*) e tiñan dereito a participar nos asuntos públicos. Os escravos estaban sometidos ao dominio dos seus señores; e as mulleres, relegadas ao ámbito doméstico, tamén estaban baixo o dominio do paterfamilias. En Esparta, por exemplo, os cidadáns denominábanse precisamente "iguais" (*homoioi*) e formaban unha irmandade moi estreita, que incluía mesmo a obriga de banquetes comúns.

Na Idade Media, a consideración universalista procedente do Cristianismo, que proclamaba a igualdade de todos os seres humanos en canto fillos de Deus, non tivo ningún efecto na ordenación xerárquica da sociedade feudal, que mantivo o dominio dos señores feudais e a dependencia e submisión dos servos. Estrutura xerárquica que se mantivo nos primeiros séculos da Idade Moderna na organización estamental da sociedade do Antigo Réxime, e que xustificaba os diferentes rangos e os privilexios a eles asociados.

1.2. A universalizacicón teórica da igualdade

Foi a Ilustración, xunto coas revolucións liberais burguesas, que liquidaron a sociedade estamental do Antigo réxime, a que estendeu o principio de igualdade a todos os seres humanos. O seu fundamento será a natureza racional común, compartida por todos. En palabras de Kant, a natureza racional do ser humano convérteo nun fin último en si mesmo e dótao dunha dignidade básica que esixe respecto.

Como xa temos visto, a idea de que os seres humanos nacen libres e iguais é unha constante, tanto nas teorías contractualistas, que sentan as bases da lexitimidade moderna do poder político, como nas declaracións de dereitos e nos principios constitucionais dos Estados modernos, nacidos das revolucións liberais.

Non obstante, este recoñecemento da igualdade de todos os seres humanos ante a lei, será en gran parte teórico, e tardará séculos, en moitos casos, en facerse efectivo. Pois persistirán situacións de dominación que, pese as declaracións formais de principio, manterán a discriminación legal e, sobre todo social, de diferentes colectivos. Así, a abolición definitiva da escravitude aínda se fará esperar; e diferentes grupos étnicos terán que loitar polo recoñecemento dos seus dereitos civís, mesmo no século XX.

Neste senso, é paradigmática a loita das mulleres pola igualdade cos varóns e o seu recoñecemento como suxeitos autónomos de todos os dereitos fundamentais. O sufraxio feminino non se conseguirá até ben entrado o século XX en moitos casos. Pero ademais, a súa situación legal, para establecer contratos ou manexar a súa propia herdanza por exemplo, foi a miúdo de absoluta dependencia dos varóns, como se de menores de idade se tratase; sen ir moi lonxe, esa era aínda a situación da muller en España no período franquista, xa na segunda metade do século XX.

2. O DESENVOLVEMENTO DO PRINCIPIO DE IGUALDADE

O principio abstracto de igualdade xurídico-política necesita ser desenvolto e explicitado nas súas implicacións para poder realizarse efectivamente. De feito, paralelamente ao desenvolvemento dos dereitos humanos sociais, económicos e culturais, de “segunda xeración”, o principio de igualdade evolucionará da mera “igualdade diante da lei” até a “igualdade de oportunidades”.

2. 1. A igualdade diante da lei

A concepción primaria do principio de igualdade é a de igualdade diante da lei. Isto comporta que a lei sexa “cega” ás diferenzas individuais; polo tanto, que teña carácter “xeral”: a mesma para todos (rexeitando, pois, todo privilexio), e que sexa “imparcial” tamén na súa aplicación.

Esta é a concepción liberal máis radical, nacida das revolucións burguesas e defensora das liberdades individuais. Prohibe toda discriminación arbitraria, baseada en diferenzas de xénero, etnia, relixión, etc. Pero tal concepción fai compatible esa igualdade xurídico-política coas desigualdades económicas, sociais e culturais. Polo que esa igualdade legal, abstracta e fría, esquece que certas desigualdades naturais poden manter a uns individuos baixo a dominación real doutros, converténdoos en dependentes, por carecer das condicións e os medios para teren unha vida verdadeiramente autónoma. De aí a posición republicana (máis alá do liberalismo) que identifica liberade con non-dependencia, pois aquel que é dependente doutro "está de facto" sometido a el, por moi libre e igual que sexa formalmente ante a lei.

Por outra banda, as desigualdades de nacemento son unha "lotería", como repetidamente temos sinalado, que favorecen a uns, á vez que lastran a outros, no acceso a posicións sociais relevantes que puideran comportar maiores beneficios sociais e niveis de benestar. Por iso, adoita considerarse inxusto o reparto de tales posicións e beneficios en base a desigualdades naturais (sexo, raza, etc) ou sociais (familia, clase social, etc.), que non comportan mérito algún do individuo, senón pura sorte.

Neste caso, a xustiza social esixe compensar esas desigualdades de nacemento con medidas que puideran equiparar a todos na liña de saída para competir por acadar as posición sociais máis relevantes e beneficiosas, que deberían repartirse imparcialmente en función da capacidade e do mérito de cada un. Isto é, ter en conta as desiguais condicións de nacemento para igualar as oportunidades de todos no acceso aos beneficios sociais, que en definitiva so froito procedente da cooperación social.

2. 2. A igualdade de oportunidades

Máis alá da mera igualdade ante a lei, a igualdade de oportunidades é unha conquista social dos movementos reivindicativos, que no século XX deron lugar ao recoñecemento dos dereitos económicos, sociais e culturais (chamados de segunda xeración). Pois, en efecto, os dereitos sociais, tales como o dereito á educación e á cultura, se son desenvoltos por políticas públicas adecuadas (becas, ensino público de calidade, etc.), permiten unha maior igualación nas oportunidades de partida para todos e favorecen a mobilidade social interclasista. Pero, non hai que confundir igualdade de oportunidades (de saída) con igualdade de resultados (de chegada), pois estes dependerán do esforzo e do talento de cada cal.

O principio de igualdade de oportunidades é hoxe recoñecido mesmo polo liberalismo menos radical e máis social (é o caso de Rawls) como parte integrante das esixencias da xustiza social. Aínda que dende sectores máis radicais e críticos co Estado social, todas esas medidas sociais en pro da igualdade son consideradas un lastre, por xerar un gasto social improdutivo ao desincentivar o esforzo e favorecer a ineficacia. Pero esta crítica resulta inxusta, porque igualar as condicións de partida (que non de chegada), corrixindo as desigualdades de orixe, aumenta o potencial de recursos

humanos dispoñible, pois ofrece a oportunidade de desenvolver talentos naturais a individuos que doutro xeito quedarían agochados e, polo tanto, enriquece ao sistema social no seu conxunto.

Pero, por moito que se reduzan as desvantaxes derivadas do nacemento, non hai maneira posible de amañar a inmensa maioría das desvantaxes orixinadas de nacer nun lugar equivocado: a rede de amigos, a educación recibida, a socialización, a accesibilidade á información, o valor outorgado ao traballo e ao esforzo, etc. Mesmo a vantaxe de nacer con talento ou sen el é froito arbitrario do capricho do destino e non un mérito propio.

Por iso, dende o socialismo máis radical téñense rexeitado as diferenzas no goce dos bens sociais, e dos niveis de benestar que comportan, defendendo un igualitarismo radical; cousa que desincentiva o esforzo individual e favorece a indolencia e a ineficacia. Pero tamén dende o liberalismo social (como é o de Rawls) se propugna a redución das diferenzas de acceso a bens sociais aos niveis mínimos necesarios para incentivar o esforzo, xustificando esas diferenzas só na medida en que favorezan tamén aos máis desfavorecidos, pero non máis alá.

2.3. Máis alá da igualdade de oportunidades

Na realidade é practicamente imposible unha verdadeira igualdade de oportunidades para todos; de ser así, as desigualdades de acceso aos bens sociais estarían xustificadas en base ao esforzo e mérito de cada quen. Pero, certas desigualdades de orixe son dificilmente igualables (por exemplo, o entorno social de nacemento) ou mesmo imposibles de superar (por exemplo, unha forte discapacidade).

De aí que o propio principio de igualdade esixa ir máis alá da simple igualdade de oportunidades para compensar con medidas sociais as desigualdades irredutibles, garantindo así aos peor tratados pola fortuna o acceso aos bens básicos para poder ter unha vida digna. Tales serían as medidas legais de protección aos grandes dependentes, subsidios de invalidez, desemprego, etc. Non se trata nestes casos de proporcionar medidas caritativas de beneficencia, senón de recoñecer dereitos sociais en base á igual dignidade básica de todos os seres humanos. Ese parece ser o primeiro principio da xustiza de Rawls: igualdade nas liberdades e bens primarios.

O propio principio de igualdade para realizarse de forma efectiva, e non dun xeito puramente formal e abstracto, obriga a dar un trato normativo distinto aos desiguais. Pero esa diferenza só será lexítima se se basea en criterios obxectivos, razoables e proporcionais, pois senón converteríase en discriminación arbitraria. Exemplo desta desigualdade de trato, orientada a lograr unha maior igualdade real substantiva, atopámolo no sistema tributario concretada no principio de proporcionalidade.

En todo caso, parece que a lexitimación de calquera medida que puidera ofrecer un trato normativo desigual a un determinado colectivo só podería ser a

necesidade de compensar ou paliar desvantaxes non imputables ao mesmo, nunca para proporcionar ou defender vantaxes xa existentes.

3. A REALIZACIÓN EFECTIVA DO PRINCIPIO DE IGUALDADE

O recoñecemento legal do principio de igualdade así como as medidas legais para darlle contido substantivo e evitar as discriminacións arbitrarias, non bastan para que a cultura da igualdade se implante a nivel de comportamentos sociais e as actitudes discriminatorias se erradiquen dos hábitos sociais fortemente arraigados en moitos casos. De aí a necesidade de accións positivas públicas complementarias.

3.1. A discriminación positiva

As denominadas accións positivas en pro da igualdade son medidas lexislativas dirixidas a remover obstáculos que impiden de feito que o dereito á non discriminación sexa efectivo. Adoitan ser instrumentos normativos que tratan de corrixir e compensar desigualdades nas que se atopan determinados grupos ou minorías por tradicións e hábitos fortemente arraigados na sociedade. Tales accións poden ser de dous tipos: a) accións que non prexudican directamente a terceiros, tales como axudas económicas ou desgravacións, etc. b) accións de discriminación inversa, que tratan de forma deliberada de ofrecer certas vantaxes a grupos tradicionalmente discriminados, fronte a outros.

Estas discriminacións positivas inversas deberían ser necesariamente temporais, pois só se xustifican na medida en que persista unha discriminación inxustificada a nivel social dalgún grupo ou colectivo. En España, medidas deste tipo son, por exemplo, a reserva dun número de prazas públicas en oposicións para discapacitados, as leis que penalizan a violencia de xénero machista, ou as de paridade entre homes e mulleres en diferentes campos. A súa finalidade non pode ser outra que a de potenciar unha igualdade efectiva, desterrando hábitos sociais discriminatorios; pero se se perpetuasen poderían converterse en novas discriminacións inxustas.

En todo caso, se non se usan con prudencia e partindo de avaliacións obxectivas e axustadas da situación, poden dexenerar en medidas puramente paternalistas, e que non consigan superar a desigualdade crónica contra a que se levantan.

3.2. A acción educativa

As discriminacións sociais máis comúns teñen moitas veces raíces profundas nas propias tradicións culturais, polo que na loita contra elas non basta exclusivamente con medidas lexislativas. É preciso unha acción educativa a longo prazo que cambie tamén certos hábitos mentais para erradicar actitudes aínda frecuentes na nosa sociedade como, por exemplo, o machismo (que proporciona a diario vítimas) ou o racismo, que alimenta a exclusión.

3.3. A desigualdade a escala mundial

A maior desigualdade a escala mundial, dáse sobre todo nos países máis pobres; porque neles as desigualdades, aínda observables no mundo desenvolto, vense exponencialmente acrecentadas pola escaseza de recursos.

Pero as abismais desigualdades entre países ricos e pobres preséntase hoxe en día neste mundo globalizado como a maior inxustiza estrutural do planeta, que condena a morte sen darlles oportunidades a millóns de seres humanos. Só unha toma de conciencia masiva da nosa sociedade pode forzar aos gobernos e organismos internacionais a unha acción concertada para erradicar a fame e a miseria do planeta.

ACLARACIÓN ÁS TEORÍAS DO CONTRATO SOCIAL (Sección 12)

As teorías do contrato social de Hobbes, Locke, Rousseau e Rawls poderían sintetizarse da forma seguinte:

-Hobbes: define o estado de natureza como un estado de guerra do todos contra todos, xa que nel os individuos gozarían dunha liberdade ilimitada na persecución dos seus intereses egoístas. Esta situación de anarquía acabará levando aos individuos a un pacto racional, ou contrato social, para autolimitar a súa liberdade e erixir un poder coactivo que garanta a paz social. Este poder haberá de revestir un carácter absoluto (Leviatán) a fin de impedir calquera abandono do contrato.

-Locke: concibe o estado de natureza como unha situación na que os individuos son libres e iguais, pero, a diferenza de Hobbes, afirma que xa están dotados de dereitos naturais, tales como o dereito á vida, a liberdade e á propiedade dos produtos do seu traballo e dos medios para desenvolvelo. Pero, como no estado de natureza o goce destes dereitos é incerto porque algúns individuos non os respectan, é necesario erixir un poder imparcial mediante un contrato social que restableza a orde e a paz social.

-Rousseau: comparte tamén a idea de que no estado de natureza os homes son libres e iguais; pero, a diferenza de Locke e Hobbes, afirma que neste estado serían felices se non fora porque o progreso técnico e social os obrigou a abanalo, xerándose así as desigualdades e o egoísmo. O contrato social como expresión da vontade xeral é necesario agora para restablecer a igualdade por enriba dos intereses egoístas e para defender o ben xeral de todos.

Rawls: retoma a idea de Rousseau de que un contrato social xusto só sería posible desde unha situación na que os intereses egoístas individuais estivesen freados e neutralizados. E para este fin propón que o contrato se faga desde un “veo de ignorancia” e nunha “situación orixinaria”, e dicir, algo así como que os individuos deberían decidir as regras básicas da sociedade antes de saber (nunha situación orixinaria e ignorando) as posicións que ocuparán nela. Esta fórmula garantiría compaxinar os dereitos nacidos da liberdade individual coas esixencias derivadas da vida social